

Pervivencia do Samain nas Terras Galegas

Grazas aos estudos do profesor Rafael López Loureiro,



Na actualidade, os veciños de Cedeira saen á rúa con cabazas talladas en forma de caveira cunha candeia acendida no seu interior.

No Concello da Illa de Arousa os nenos érguense antes de que saia o sol e percorren as rúas e tendas, o día 1 de novembro, pedindo cunha algarada tradicional: "unha esmoliña polos defuntiños que van alá".



En Xil, unha parroquia do concello de Meaño, na ladeira do monte, entre o lusco e o fusco os seus habitantes soben en procesión ao cemiterio levando velas.

CEIP DE PETELOS

BOLETÍN INFORMATIVO "A Nosa Fala" Nº 23



Samain é unha festividade de orixe celta.





Hai 3000 anos os pobos celtas de Europa, só distinguían dúas estacións no ano: "a metade clara e a metade escura" . Esta última, marcaba o comezo dun novo ano.

O Samain era a súa festa de "Ano Novo" , representaba o final do tempo da colleita e o principio do duro inverno.

Os celtas crían que esa noite se abría unha "porta" ; a dimensión dos vivos quedaba en comunicación coa dimensión do mundo dos mortos, e que a véspera de Samain as almas dos mortos regresaban a visitar fogares terreaís.



Para manter aos espíritos contentos e afastar os malos dos seus fogares, os celtas deixaban comida ou doces fóra das casas. Durante esas horas acendíanse lumes coa intención de poder guiar aos mortos na escuridade da noite, para que atopasen aos seus parentes.

Daquela era costume que nos tallaran, para acendernos dentro candeas; ás veces deixábons nas encrucilladas dos camiños para que asustamos á xente. Outras veces deixaban un espazo na mesa para os defuntos.



Os cristiáns consideraban que os celtas adoraban ao diaño, inda que o diaño nunca existiu na relixión céltica. Samain era o seu deus da morte e dos malos espíritos e celebrábase o día 1 de novembro (o comezo do inverno para eles).

O cristianismo adoptou o festival dos celtas e converteuno nun cristián. Así o primeiro de Samain pasou a ser o día de Todos os Santos.